

ARTE



O público observa unha das obras de Antony Gormley fusionándose co contorno do CGAC

ANTONIO HERNÁNDEZ

Unha retrospectiva de Antony Gormley

A arte nos anos 50 semellaba que espremer toda forma humana. Os artistas que pretendían experimentar outros mundos buscaban alternativas aplicadas ó campo extensible da parede e da figura cúbica. Moitos artistas experimentaron ata a saciedade as novas fórmulas reduccionistas. Partindo das novas correntes, a xeración de Gormley é a daqueles creadores que senten nostalgia por un pasado clásico; que encontran no corpo o modelo adecuado á modernidade desde o cal proxectábase ó seu mundo interior.

Desde aquela ata hoxe fóronse sucedendo formas de expresar ese universo tan variado da creación artística. Para entender aquelas inqueданzas dos anos 50 e todo o que veu despois, o compostelán Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) ofrece por primeira vez en España unha coherente retrospectiva, formada por 25 pezas, do artista inglés Antony Gormley (Londres, 1950), ganador do polémico Premio Turner 1994.

O tempo do mito está contido na obra *Fruit*, peza que forma parte doutras series constituídas tamén por elementos naturais nos que a presenza de corpos e volumes de chumbo dominan polo rotundo da súa masa. Aquí comeza a xénese, o embrión de todo. Foi aquela mazá do Edén, simbolizada nesta mostra, o xermolo do desenvolvemento actual do mundo. Instalada no centro do vestíbulo, inmensa na súa soidade, leva o espectador á reflexión sobre cuestións tantas veces abordadas por nós mesmos sobre qué lugar ocupamos no mundo. Subxace a poética da formación, crecemento e desenvolvemento humano, como metáfora do ciclo vital.

Outra peza, pequena pero de gran carga metafórica, é *Sementes*. Alude ós albores da humanidade, os primeiros intentos de subsistencia agraria. Cada bala desta pil representa unha vida, unha vitalidade en potencia pero terriblemente ameazada por unha cultura impregnada de guerras e obsesionada na aniquilación do home. O espectador avan-

za pola obra *Parcela II* como por unha rúa acourazada en ámbalas marxes con bloques de cemento armado. Un xeito de cemiterios sicilianos formados por longos paralelepípedos; é como camiñar cara ó interior de cada un, onde se aloxa a verdadeira esencia humana. O exterior é só muralla que illa. Parecen non estar habitadas esta especie de caixas-ataúdes, pero son auténtica memoria viva. Os órganos vitais asómanse furando as superficies monótonas, a pesar de estar sepultados. É o ser humano enterrado vivo, que intenta sobrevivir á morte inevitable.

Nestes bloques rectangulares, Gormley aproximase a postulados próximos ó minimalismo tratando o interior humano con frialdade. O home sofre como mortal, a súa pegada é un negativo.

A instalación do dobre espacio *Masa crítica II* é significativa da serie de pezas antropomórficas, na que se aprecia a maneira de traballar do artista facendo baleiramentos do seu propio corpo. Aquí está a memoria colectiva do Holocausto. O espectador vese implicado; a conciencia social pesa sobre a súa mente. Son unha decena de figuras xuntas pero illadas, cada unha na súa soidade, cerradas nas súas poses sufridas; abandonadas á súa caída; só pen-

dentes dunha corda, como a vida dun fio. Son evidentes os escenarios metafísicos e os contornos daqueles distantes manequis de De Chirico.

Tanto pesimismo e traxedia do home contemporáneo podía confinalo a unha calella cega. Gauguin, sumido nunha aguda depresión persoal, reproduce o case testamento pictórico titulado *¿De onde vimos? ¿que somos? ¿a onde imos?*, este *taedium vitae*, o fastio existencial é superado en Gormley tralas súas vivencias por Oriente. É entón cando a dimensión espiritual pode sobre a corporal. Froito diso é a ensablaxe que o artista realiza especificamente para o CGAC compostelano titulado *Nube cuántica*. O corpo deixa de ser unha forma cerrada, como apunta W.J.T. Mitchell é a fin do de Antony Gormley no seu propio corpo.

Como noutras obras, está realizada con materiais improprios da tradición escultórica. A materia é tan real que é metáfora da forza enerxética irradiada por unha persoa. A localización física dun corpo experimentando unha dimensión espiritual. Gormley non encontrou unha resposta final que aclare as súas dúbidas, pero as súas propostas participaron da iluminación transcendental.

Fátima Otero



O artista británico Antony Gormley no CGAC

ANTONIO HERNÁNDEZ

CINE

Os mércores, sexo

E algo máis. Porque se é certo que Intimidad de Patrice Chéreau arrinca sobre o encontro sexual nas tardes dos mércores de dous corpos case anónimos que se entregan ó desexo case con ferocidade, paulatinamente, a través dunha dose adecuada de planos, escenas e secuencias, eses dous corpos vanse convertendo en Jay e Claire, dúas persoas complexas, coas súas emocións e frustracións debaixo da pel. Intimidad é un filme complexo, arriscado, belo, desacougante ás veces, carnal e a un tempo intelixentemente trezado sobre cinascos de fracasos fríos.

O guión, tecido cos vimbios da obra de Kureishi, sitúanos desde o comezo nos barrios escuros de Londres, eses de pisos cochambrosos, eses nos da subsistencia de cada día gracias a traballos precarios, eses iguais a espacios recolletores de vidas tronzadas polo alcohol, a marxinação e a resistencia á crueldade das feridas que máis doen: as das incertezas e da carencia de esperanza. Debaixo de cada movemento respira con dificultade a paisaxe dunha sociedade comesta pola podre e o cansazo. E aí, tirados no chan desa paisaxe, fuxindo, para anestesia-la dor, dous corpos tócanse, penetran, estalan, perden case a conciencia ata o próximo encontro.

Agradécese en primeiro lugar a finura na filmación das escenas de sexo explícito. Sen censuras nin trampas, Chéreau atrapa coa cámara a calor, os laios e os afogos do sexo cunha limpeza pouco frecuente.

O espectador sabe desde o primeiro plano que esas entregas sexuais non son de balde, que obedecen ó inextricable túnel polo que corren as máis escuras e indescifrables claves polas que se conducen as condutas das persoas. Jay e Claire, os donos deses corpos, vanse destacando lentamente, gracias á boa man directora que sabe terminar dos silencios e da ocultación, ata que quen mira, intrigado, confundido, aclarado, contacta coas súas vidas, cos amigos, co marido, cos traballos, co pasado de cada un deles.

Non é un filme doado nin perfecto. Non está pensado, por suposto, para pasar un momento agradable e sen complicacións. As imaxes petan nos ollos, esbouran, crávanse e desconcertan a intelixencia e a sensibilidade, aguzan a curiosidade, removen nas contradicións. Tampouco é perfecta, desvíase con frecuencia cara aspectos anecdóticos, deixa cabos soltos, tal vez pola mestranza dos materiais cos que se constrúe o guión, e permite momentos de dúbida e necesidade. Aínda así, estamos diante dunha sincera e decidida aposta por mergullarse nas pozas máis escuras nas que viven os desexos, a frustración e o amor.

Especial mención merece Kerry Fox, un corpo real, un rostro que ó di todo, unha interpretación medida, xusta, impecable.

Unha película, en fin, que atrapa e sorprende, con luz e sombras, que bebe no desasosiego e no misterio, que ofrece máis preguntas que respostas, que non permite saír da sala excesivamente tranquilos. Así é a intimidad.

Miguel Suárez Abel